



# o boletín

Volume 218

Servizos Centrais – Xunta de Galiza

Xullo-Agosto 2014

## NOVA LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA:

### **O Goberno volve a remitirnos o borrador da LEPG sen apenas cambios. Queren a baltarización da Administración da Xunta de Galiza.**

O Partido Popular segue teimando en ter unha Administración na que todo funcione a dedo, e onde tanto os concursos como as retribucións dependan do que decida o superior xerárquico, que á súa vez vai selo en virtude de que o Partido así o decida.

As alegacións atendidas son anecdóticas e o substancial desta lei antiga, pois nos remite non xa á lexislación franquista, senón ao século XIX e a época das cesantías, se mantén.

### **“CARTAS DE RECOMENDACIÓN” PARA ASCENDER NO GRAO**

Tanto para o ascenso de grao como de categoría profesional, tal e como di o artigo 73 serán requisitos, entre outros a avaliación positiva do desempeño. E que valora esta avaliación?. Entre outras cousas algo tan obxectivo como **o grao de interese, iniciativa e esforzo**. Todo isto requirirá o informe dun superior xerárquico que se convirte así nunha auténtica carta de recomendación.

### **EXAMINAR AOS EMPREGADOS PÚBLICOS CON CRITERIOS SUBXECTIVOS**

Para quen desexe progresar na súa carreira profesional, para quen ocupen un posto de traballo obtidos por concurso, para quen desexe obter e manter o complemento retributivo de desempeño e tamén para quen queira obter un novo complemento de carreira, o equivalente ao complemento de destino, vai ter que someterse a esta **avaliación do desempeño que como vimos está nas mans dos superiores xerárquicos** ao ter que avaliar algo tan etéreo como o interese, iniciativa e esforzo.

### **“ENTREVISTA PERSOAL” PARA OS MELLORES POSTOS**

Como o que se trata é de ter unha Administración a medida onde os/as empregados/as públicos/as non poidan optar a postos por méritos obxectivos senón por apreciacións persoais, introducen o concurso específico para os postos que eles consideren. De entrada a maior parte das habilitacións de persoal xa as pasaron a este sistema de provisión, e a **intención é a de pasar grande parte das seccións e negociados**. E que van valorar para este concurso específico?. Segundo o artigo 89 do da LEPG, entre outras cousas, as **memorias, entrevistas os informes de avaliación** ou “outros sistemas similares. Así que baixo a aparencia dun concurso de méritos introdúcese o libre albedrío do gobernante de turno para colocar nos postos que decida a quen queira.

### **COMISIÓNS DE SERVIZO ETERNAS PARA OS AMIGUETES**

Se xa están desreguladas, neste momento polo menos existe un límite temporal. Pois na nova lei **desaparece este límite** o que vai implicar comisións de longa duración.

### **E SEGUIMOS MANTENDO PARÁSITOS BAIXO A FORMA DE PERSOAL DIRECTIVO**

A este goberno non lle chega con que existan altos cargos de designación política, nin persoal eventual, nin asesores, nin persoal de gabinete, nin que fixera engordar a través da LOFAXGA a estrutura superior da Xunta, creando as Secretarías Xerais a modo de Secretarías de Estado e as Vicesecretarías. E tampouco lles chega con poder nomear a dedo aos xefes de Servizo xunto coas subdireccións xerais e moitas seccións. **Queren chegar a un nivel tal, que todo teña que ser nomeado a dedo**, como vimos cos concursos específicos.

(continúa na pág.seguinte)

#### Nesta Edición:

#### Editorial:

- Nova Lei da Función Pública

#### Novas en destaque:

- O persoal da consolidación de emprego pode ir á rúa.
- Entrevista ao novo secretario nacional.

#### A contra:

- Luns, 30 de xuño: Manifestación contra a represión sindical

★ [Contacta](#)

#### Servizos Centrais:

San Lázaro

981 546999

881 997290

San Caetano

981 545909

981 545985

[servizoscentrais@cigadmon.org](mailto:servizoscentrais@cigadmon.org)



Pero a maiores disto queren introducir dentro da Administración a **persoal procedente de empresas privadas como persoal directivo e a persoas sen oficio nen beneficio vinculadas ao Partido Popular**. Abriron esta porta co EBEP e coa LOFAXGA, a que lle deron o si CCOO, UGT e CSIF. E agora o desenvolven nesta lei. Na Axencia galega de Innovación, por exemplo, xa teñen preparadas dúas prazas de persoal directivo para dúas persoas provintes dunha fundación, e moito nos tememos, que **aqueles afíns que non consigan nin chegar a concelleiros, parlamentarios, deputados provinciais ou delegado territoriais, acabarán de directivos da Xunta**.

#### **QUE PRETENDEN: UN MODELO CATETO DE ADMINISTRACIÓN AO SERVIZO DO PARTIDO**

A Administración que vai quedar tras a LEPG vai ser unha estampa da Administración do Antigo Réxime:.

EN RELACIÓN AO PERSOAL, en vez de dereitos dos empregados/as públicos/as o que imos ter é un sistema onde **promocionar ou as retribucións van depender de favores e regalías** que nos fagan os xefes en forma de entrevistas ben valoradas, ou informes positivos de avaliación. Optar a un posto mediante concurso deixa de ser obxectivo para depender dun superior, que á súa vez lle debe o favor a alguén que está no cumio da pirámide política.

EN RELACIÓN Á PROPIA ADMINISTRACIÓN, se vai configurar un sistema onde **se quebra a independencia dos/as empregados/as públicos/as**. Calquera decisión, calquera informe dun funcionario/a que obre con criterios obxectivos, en observancia da lei e con independencia do poder político, pero que vaia contra os intereses, por exemplo, dun alcalde, dun partido, ou dun grupo de poder, pode supoñer unha avaliación negativa do desempeño, unha baixada das retribucións, unha remoción do posto, un veto para as prazas con entrevista persoal. E deste xeito se pretende dominar a Administración para que en vez de con obxectividade actúe conforme aos intereses dunha casta.



### **O PERSOAL DA CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO PODE IR Á RÚA**

#### **O Partido Popular introduce dúas emendas á Lei de Racionalización**

Os golpes dados ao emprego público nesta lexislatura foron brutais. Sumados aos recortes xerais, o persoal funcionario interino e o persoal laboral temporal viron como as expectativas de traballar se reducían, ao non haber convocatorias de procesos selectivos nin chamamentos das listas de substitucións. Ao amortizar miles de prazas e establecerse a prohibición de nomear interinos ou contratar persoal laboral temporal, a Administración mermou en persoal. A isto se suma a posibilidade de despedidos colectivos entre o persoal laboral fixo das Administracións Públicas que nos trouxo a última reforma laboral.

Pero entre o persoal laboral temporal e o fixo aínda hai un escalafón en inseguridade xurídica, e é o persoal laboral indefinido non fixo.

Pois ben, para impedir o exercicio de dereitos, moitos deles recollidos no EBEP e en acordos como o de Mellora de Emprego da Xunta do ano 2008, o Partido Popular acaba de introducir dúas emendas a Lei de Racionalización que con toda probabilidade se aprobarán.

Unha fai referencia á que as situacións derivadas de irregularidade na contratación (as que dan lugar a relacións indefinidas non fixas), deben resolverse procedendo á

cobertura do posto de traballo ou a amortización.

Ata o de aquí correcta a primeira parte sempre que se poñan en marcha os procesos de consolidación de emprego. Pero o que nos tememos é que esta Administración e outras van a optar pola segunda opción: a amortización dos postos.

Ata o de agora isto so se facía cos postos creados no que o persoal indefinido non fixo non tiña dereito á consolidación de emprego. Pero unha segunda emenda do Partido Popular, xustificada como “mellora técnica” establece o seguinte para facer efectivo que estas amortizacións non só se van aplicar aos que non teñen dereito á consolidación senón a todos/as en relación ao réxime aplicábel ás **declaracións de indefinidos non fixos ditadas con anterioridade á entrada en vigor desta Lei:**

*“...será de aplicación a todas aquelas relacións xurídicas de indefinidos non fixos que se mantivesen coa Administración na data de entrada en vigor desta Lei calquera que fose a data da declaración como indefinido non fixo do traballador afectado ou a causa que la tivese motivado”.*

Con esta ferramenta está claro o que se propón o Partido Popular.

## Entrevista ao novo secretario nacional da CIG-Autonómica



Roberto Varela Gestal é un compañeiro da CIG, persoal laboral da Consellería de Medio Rural e delegado no Comité de Empresa de Servizos Centrais da Xunta de Galiza. Pero ademais é, dende o pasado 7 de xuño, o novo secretario nacional da CIG-Autonómica, elixido con máis do 65% dos votos da VI Asamblea Nacional.

***Asumes o cargo de secretario nacional nun momento delicado en canto á perda de dereitos sociais e económicos, cal é a análise que fas dende a central sindical desta situación?***

Dende hai tempo vimos sufrindo a política privatizadora dos servizos públicos da Xunta de Galiza e o ataque aos nosos dereitos como empregados públicos. Esta perda de dereitos laborais e económicos supuxo o maior ataque á nosa dignidade.

Dende a CIG, como sindicato da clase traballadora, temos a obriga de defender a todos os traballadores e traballadoras por igual e, dende esa perspectiva, asumo a responsabilidade de continuar na firme defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores públicos, de loitar pola dignificación do noso traballo e de loitar por uns servizos públicos e de calidade ao servizo da cidadanía galega..

***Para afrontar este verdadeiro desafío, con qué equipo de persoas se conta e en qué situación se atopa a CIG-Autonómica?***

Ben, xunto co cargo do Secretario Nacional na VI Asamblea elixíronse outros compañeiros/as que ocuparán as diferentes áreas ou responsabilidades dentro da Executiva así como as persoas que formarán parte da Dirección Nacional do Sector nos vindeiros catro anos. Todas estas persoas, compañeiras e compañeiros, teñen demostrado a súa capacidade para traballar e colaborar ao longo destes últimos anos e, xunto co impulso de todos os nosos delegados e delegadas, dende a base, loitando na rúa, nos centros de traballo e man a man

coas traballadoras e traballadores.

Se queremos loitar contra os recortes debemos manter viva esa capacidade organizativa, as ganas de loitar e o compromiso coa clase traballadora.

***En canto a relación co resto de centrais sindicais, cal é a situación actual e cal é a túa intención como secretario da CIG-Autonómica?***

A CIG mantivo nos últimos anos a iniciativa sindical sendo referente na unidade de acción sindical e como axente mobilizador. Consolidarnos nesta liña debe ser unha tarefa fundamental que me comprometo a impulsar. Penso que debemos seguir mantendo a unidade de acción sindical no aspecto mobilizador, sen deixar de lado o noso propio ritmo e os nosos sinais de identidade.

***Cómo é a CIG que defendes?***

Defendo unha CIG independente das organizacións políticas porque a CIG non pode ser unha organización subsidiaria nin contraer hipotecas políticas que condicionen a súa loita. Unha CIG-Autonómica enmarcada nas coordenadas de esquerda e nacionalista, como formación sindical de clase e politicamente comprometida co país, pero sen condicionamentos partidarios.

A aposta pola soberanía e a independencia desta organización non significa non confluír con aquelas forzas que traballan en beneficio da clase traballadora e do noso país, sentón ao contrario, pero mantendo sempre que o principio que rexe esas relacións é o da fraternidade e non o do dirixismo.

***Por último, cal é o reto máis inmediato que tes como secretario nacional?***

O principal reto neste momento e na situación económica e política actual é o de mantermos firmes contra os recortes. Hai que poñer a nosa maquinaria ao 100% para traballar neste senso e que as traballadoras e traballadores poidan contar coa CIG como o seu mellor instrumento na defensa dos seus dereitos.

A verdade é que o noso sector afronta un auténtico desafío nos vindeiros anos. Temos que recuperar a nosa dignidade, porque é nosa e por ese motivo nunca nola poderán arrebatarnos. Por iso debemos manter o ánimo e a disposición para a loita, tal e como viñemos facendo ata agora. A CIG seguirá sendo firme ante os recortes, ante os conflitos, e pola defensa da clase obreira galega.

# CIG, CCOO e UGT chaman á clase traballadora a mobilizarse contra a represión sindical

## INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN

Ana e Tamara recibiron a semana pasada a orde de ingreso en prisión e o xulgado de Vigo vén de informar desfavorabelmente a solicitude de indulto de Carlos e Serafín. Os seus son claros casos de represión sindical cos que se pretende criminalizar, reprimir e amedrentar á clase traballadora.

Así o denunciaron, en rolda de prensa, os secretarios xerais da CIG, CCOO e UGT, que fixeron un chamamento á mobilización contra a represión sindical o vindeiro día 30 de xuño, ás 20:00 horas, baixo o lema

**“Defender os dereitos da clase traballadora non é un delito”.**

Lugares e horas das manifestacións e concentracións do día 30 de xuño

A CORUÑA	Manifestación	20:00 h.	Dende Casa do Mar ata Delegación Gobierno
FERROL	Manifestación	20:00 h.	Dende Praza de España ata Praza de Armas
LUGO	Manifestación	20:00 h.	Dende Edificio Sindical ata Subdelegación Gobierno
OURENSE	Manifestación	20:00 h.	Dende Praza Concello ata Subdelegación Gobierno
VIGO	Manifestación	20:00 h.	Dende Vía Norte ata o Museo de Arte Contemporánea (Príncipe)
SANTIAGO	Concentración	20:00 h.	Praza de Galicia
PONTEVEDRA	Concentración	20:30 h.	Praza da Peregrina
A MARIÑA	Concentración	12:30 h.	Fronte ao Xulgado de Viveiro
VILAGARCÍA	Concentración	20:30	Diante da Casa do Mar
MONFORTE LE-MOS	Concentración	20:00 h.	Diante dos xulgados
RIBEIRA	Concentración	20:00 h.	Praza do Concello



<http://autonomica.cigadmon.org>

[servizoscentrais@cigadmon.org](mailto:servizoscentrais@cigadmon.org)